

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE MARZO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolle a benvida aos novos membros do Consello de Goberno en representación do estudantado, que foron elixidos polo Claustro. Igualmente, o Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados na sesión do día 3 de marzo do Consejo de Universidades, especialmente en temas relativos á verificación dos novos planos de estudos, e tamén de que o Claustro aprobou a memoria de xestión 2008 na súa sesión do día 26 de marzo de 2009. Remata a súa intervención reiterando os seus parabéns ás persoas que foron elixidas para a dirección dos centros e dos departamentos da Universidade da Coruña, que tomaron posesión dos seus cargos o pasado 18 de marzo, e agradecéndolles todo o traballo realizado ás persoas que deixaron os seus cargos de dirección nos citados centros e departamentos.

En nome da Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, o Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno de que se celebrou con éxito a terceira edición de Fórum Orienta que tivo lugar na Coruña entre o 11 e o 14 de febreiro. Pola feira pasaron uns 15.000 estudantes do ensino medio e agrádese a colaboración dos centros, do profesorado e do estudantado da UDC que co seu dinamismo e boas prácticas deron unha excelente imaxe da nosa institución. Tamén lles dá conta de que o día 1 de abril terá lugar no patio da Facultade de Dereito a Primeira Mostra de Asociacións da UDC. Falamos das asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións. Nesta primeira rolda inscribíronse 12 asociacións para dar a coñecer as súas actividades e os seus obxectivos. A Xornada comezará ás 10:00 h e rematará ás 20:00 h. O formato do evento foi decidido en reunión cos participantes, así entre as actividades previstas hai dúas mesas redondas: unha sobre estatutos e estudantado, en que se analizarán os Estatutos da nosa universidade (maio 2007) e mais o borrador



de estatutos proposto polo MICIN (xaneiro 2009); e outra, sobre a situación e os retos do asociacionismo na actualidade. Haberá tamén quendas de presentación das asociacións e sortearase un ordenador entre o alumnado visitante. Remata sinalando que o día 16 de abril no salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación, a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, en colaboración co Servizo Municipal de Educación, organiza unha Xornada dedicada ao Espazo Europeo de Educación Superior dirixida ás dirección dos centros de ensino medio, aos departamentos de orientación, ao profesorado titor e de formación e orientación laboral e mais aos técnicos de información dos concellos. A finalidade deste encontro é informar sobre o chamado “plan Boloña” e dar a coñecer o estado da cuestión da súa implantación na nosa universidade. Esta actividade inscríbese nun Programa Marco de Difusión e Información co que se pretenden completar as accións xa existentes (O teu futuro en boas mans, por exemplo) no ámbito da proxección externa da Universidade da Coruña e da súa capacidade de atracción para o futuro alumnado.

Neste punto, pide a palabra a Sra. Traba Pérez para indicar, a propósito dos actos do día 1 de abril a que fixo mención o Sr. Reitor, que hai certos cambios no programa inicial a respecto das mesas redondas previstas.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa os membros do Consello de Goberno de cuestións relacionadas coa súa vicerreitoría. O pasado 3 de marzo publicouse unha nova convocatoria para empresas de base tecnolóxica que queiran entrar no viveiro de empresas da Universidade da Coruña. Nesta ocasión ofrécense tres espazos no viveiro de empresas. O prazo de presentación de solicitudes remata o próximo día 2 de abril, onte mesmo fíxose un recordatorio desta data límite. Tamén lles dá conta de que o pasado 4 de marzo se resolveu a II convocatoria do programa de axudas para a estruturación comercial dos grupos de investigación da Universidade da Coruña. As axudas fóranlles concedidas aos grupos EXPRELA, REAFOTOCON, XENOMAR, RNASA-IMEDIR, Enxeñaría Ambiental, Innovacións Mariñas e IRLAB. Rematado o prazo de reclamacións, o 16 de marzo, sen que se producise ningunha, procedeuse a solicitar a aceptación por escrito destas axudas aos coordinadores dos grupos.

A respecto do campus de Ferrol, o Sr. Vicerreitor sinala que o pasado 13 de marzo se asinou un convenio entre o Concello de Neda e a Universidade da Coruña para a cesión dos fondos bibliográficos de D. José Luís Yáñez

Fernández, fillo do Concello de Neda, que foi catedrático de Física en varias universidades hispanoamericanas e ficou definitivamente en Porto Rico. Contouse coa aprobación expresa da familia de D. José Luís Yáñez Fernández. O legado que lle deixou ao Concello de Neda consta de 500 libros de Física dos anos 50 e 60 do século pasado, que teñen xa un certo valor histórico, ademais dos seus cadernos de apuntes persoais. Por todo isto, cómpre deixar constancia aquí do agradecemento á familia e ao Concello de Neda pola cesión á Universidade da Coruña dos fondos bibliográficos en cuestión. O Sr. Vicerreitor remata a súa intervención informando de que o 24 de marzo se abriu a convocatoria de 90 estadías en empresas europeas para prácticas destinadas a estudantes da Universidade da Coruña que acaban de se titular. Esta convocatoria conta co financiamento da Universidade da Coruña e da Deputación da Coruña e ofrécese prácticas en empresas en Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Polonia e Grecia dentro do programa Leonardo da Vinci “Prácticas HAC LUCE”. A duración das estadías é de 14 semanas e a convocatoria permanecerá aberta ata o 15 de novembro de 2009.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das prazas convocadas polo procedemento de urxencia para cubrir temporalmente necesidades docentes, que figuran no [anexo II](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa da 1.^a convocatoria do programa Docentia, dirixida á avaliación da actividade docente do profesorado, de acordo co deseño aprobado polo Consello de Goberno. Este proceso implicou a publicación de dúas convocatorias. A 1.^a Convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC e a 1.^a Convocatoria para participar nos comités de avaliación do programa Docentia. En canto á convocatoria Docentia propiamente dita, publicouse o 23 de febreiro e rematou o prazo de solicitudes o venres 13 de marzo. Dado o carácter de experiencia piloto na nosa universidade e na ACSUG, nesta primeira convocatoria só puido solicitar a avaliación o profesorado que recibiu axudas na última convocatoria de contratos-programa (2008) da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, ademais de cumprir co requisito da convocatoria da avaliación polo estudantado, polo menos nun curso académico nos últimos cinco anos, e da participación na avaliación, cando menos, dúas veces nos últimos cinco anos. Das 180 persoas que cumprían estas condicións presentáronse un total de 151 solicitudes. A Sra.

Vicerreitora tamén sinala que no mes de febreiro se publicou a 1.^a convocatoria para formar parte dos comités de avaliación docente. Convocáronse dúas prazas para cada un dos cinco comités por rama de coñecemento que van avaliar a actividade docente dos profesores solicitantes, de acordo cos métodos e técnicas especificados no procedemento deseñado na nosa universidade. Rexistráronse 27 solicitudes para esta convocatoria que se abriu a todo o profesorado da nosa universidade interesado e será a CI a que, en función dos criterios de selección, faga a proposta dos profesores que integrarán os cinco comités. A proposta terá que ser aprobada posteriormente por este Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa dos expedientes validados e imputados na Comisión de Asuntos Económicos do día 2 de abril de 2009. Esta comisión, delegada do Consello de Goberno, validou expedientes de gastos recollidos no Informe C-003-09 do Servizo de Intervención do 30 de marzo de 2009, por importe de 1.416.373,34 euros e expedientes de imputación de obrigas (V-0001-09, 0002-09 e 0003-09) por un importe total de 176.129,81 euros.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2009

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 61 convenios que figuran no [anexo III](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (6), convenios específicos (9) e convenios para prácticas (46) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casabella López, Pena Agras e Rodríguez Fernández, os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Modificacións orzamentarias

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica. Logo de indicar que se retiran deste punto as modificacións orzamentarias solicitadas pola Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, o Sr. Vicerreitor informa das modificacións orzamentarias relacionadas coa Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, que figuran no [anexo IV](#).

Sen se rexistrar ningunha intervención, apróbase por asentimento a modificación en cuestión.

5. Renovación de comisións (Publicacións e Igualdade)

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación. Logo de indicarlles aos membros do Consello de Goberno que se retira deste punto da orde do día a renovación que corresponde á Comisión de Igualdade, o Sr. Vicerreitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de renovación da Comisión de Publicacións, que consta no [anexo V](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, apróbase por asentimento a proposta de renovación de membros da Comisión de Publicacións que figura no citado anexo.

6. Modificación do baremo de produción científica

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación do baremo de produción científica, que figura no [anexo VI](#). Trátase dunha proposta de modificación puntual, na medida en que só afecta á redacción actual do punto 5 do baremo, que conta co informe favorable da Comisión de Investigación.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Pena Agras, o Sr. Delgado Martín, o Sr. Casabella López e Sra. Vicerreitora, apróbase por asentimento a proposta de modificación do baremo de produción científica.

7. Propostas de doutoramento curso 2009/2010

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación. Logo de lles dar conta aos membros do Consello de Goberno dos cambios legais operados en materia de doutoramento por causa da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, a Sra. Vicerreitora de Investigación informa das propostas de doutoramento 2009/2010 (novos programas de doutoramento e programas de ensinanza de doutoramento autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) que figuran no [anexo VII](#). A respecto dos novos programas de doutoramento, a Sra. Vicerreitora de Investigación sinala que a súa elaboración se acometeu seguindo un modelo propio, axustado en todo o momento á legalidade, tendo en conta que por parte do Ministerio competente non houbo instrucións de como actuar neste sentido.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín o Sr. González López e a Sra. Vicerreitora apróbase por asentimento a relación de propostas de doutoramento para o curso 2009/2010 que figura no citado anexo.

8. Calendarios académicos

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións. Comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de calendario académico curso 2009/2010 para titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, que figura como [anexo VIII](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín, a Sra. Traba Pérez, o Sr. Barral Losada e o Sr. Pena Agras, apróbase por asentimento a proposta de calendario académico curso 2009/2010 para titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, que figura no citada anexo.

A continuación, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta

de calendario académico do curso 2009/2010 para estudos de grao e de mestrado universitario, que figura no [anexo IX](#). Trátase dunha proposta que é similar á formulada pola Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE), aínda que mellorada nalgúns aspectos, que propiciará algúns cambios no calendario do ensino medio para os efectos da súa coordinación.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan a Sra. Traba Pérez, o Sr. Delgado Martín e o Sr. Tuimil López, apróbase a proposta de calendario académico curso 2009/2010 para estudos de grao e de mestrado universitario tal e como figura no [anexo X](#), establecendo o 21 de xuño de 2010 como data límite para a entrega e sinatura da primeira edición das actas.

E por último, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións dá conta da proposta de calendario e procedemento para a elaboración, aprobación e implantación de títulos de grao e mestrado no curso 2010-2011 (transformación dos títulos existentes), que figura no [anexo XI](#) e segue o criterio das edicións anteriores.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Pena Agras e o Sr. González López, apróbase esta proposta de calendario e procedemento para a elaboración, aprobación e implantación de títulos de grao e mestrado no curso 2010-2011 (transformación dos títulos existentes).

9. Modificación do Regulamento de libre configuración

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de modificación do Regulamento de libre configuración que consta no [anexo XII](#), logo de advertir no seu texto algúns erros.

Apróbase por asentimento a proposta de modificación do Regulamento de libre configuración.

10. Comisión Mixta de Enxeñarías

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da

proposta de composición da Comisión Mixta de Enxeñarías que figura no [anexo XIII](#). Trátase dunha comisión que terá por cometido elaborar as propostas de graos a través das que se van transformar os títulos existentes na Escola Universitaria Politécnica e na Escola Politécnica Superior.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan a Sra. Traba Pérez, os representantes da asociación estudantil IESGA, os Sres. Pena Agras, Valderruten Vidal, González López e Graña López, quen consideran que a presenza do estudantado debe reforzarse, incrementando o número de persoas designadas por cada centro, sendo unha delas un membro do sector do estudantado, apróbase por asentimento a proposta de composición da Comisión Mixta de Enxeñarías que figura no [anexo XIV](#), coa modificación ao respecto da presenza do estudantado.

11. Licenzas

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de solicitudes presentadas para os efectos de concesión de licenzas que figura no [anexo XV](#), apróbase por asentimento a relación de licenzas que figuran no citado anexo.

12. Cambio de dedicación

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que informa da proposta de cambio de dedicación que figura no [anexo XVI](#), apróbase por asentimento a solicitude de cambio de dedicación en cuestión.

13. Organización docente dos títulos de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de organización docente dos títulos de grao que figura no [anexo XVII](#). Segundo o Sr. Vicerreitor de Profesorado, logo de se aprobar a Normativa para a elaboración e modificación da RPT, o recoñecemento da actividade investigadora e a actualización do recoñecemento de actividades de xestión, quedaba por incluír a organización docente dos graos e a revisión dos criterios de distribución dos grupos de docencia para os adaptar ao EEES. Xa que aínda non está aprobado o estatuto do PDI, nin o novo plano de financiamento do sistema universitario galego, terase que acometer esta etapa no marco do actual Decreto de profesorado, que establece 240 horas de docencia e 260 de titorías personalizadas, e contar



cos recursos previstos no actual plano de financiamento. Proponse o establecemento de tres tipos de actividades con grupos de estudantes de tamaño diferente: docencia expositiva en grupos de 60 a 80 estudantes, docencia interactiva en grupos de 20 estudantes e titorización en grupos reducidos de 10 estudantes. Ademais, as actividades de titorización individuais pódense aproveitar para o seguimento do traballo personalizado do estudantado. Este modelo estándar é o que se implantou no curso 2008/2009 para a impartición dos graos en Terapia Ocupacional e Socioloxía. Nas reunións mantidas cos equipos directivos destes centros, detectáronse dificultades para a súa implantación, motivadas entre outras razóns pola falta de espazos e pola elaboración dos horarios. Estas dificultades poden verse agrandadas nos centros con maior número de estudantes de 1.^a matrícula. Deste xeito, para os centros que non dispoñan das instalacións nin dos recursos suficientes para implantar este modelo, proponse que a súa implantación se faga en dúas etapas; na primeira delas limitaríanse as actividades presenciais á docencia en grupo grande de 60 a 80 estudantes e en grupo pequeno de 20 estudantes, deixando as actividades titoriais no formato actual e incluíndo a súa programación na guía docente da materia. Proponse que o número de horas presenciais por crédito ECTS estea entre o 30 e o 35% (7 a 9 horas) e reservarse o 35% para o tipo de actividades presenciais que implique menor traballo posterior por parte do estudantado. A docencia presencial en grupo grande e en grupo pequeno deberá estar entre os límites do 40% e o 60% (50% e 50% para os efectos de cómputo do profesorado) respectivamente das horas presenciais dos correspondentes créditos ECTS. As 260 horas anuais de titoría individualizada deberán utilizarse fundamentalmente para seguir o traballo non presencial do estudante. Con respecto ao proxecto fin de grao, utilizarase como referencia o establecido actualmente na UDC para os proxectos fin de carreira, cun cómputo de 10 horas presenciais por cada 3 proxectos dirixidos. Nesta etapa de transición, para unha materia estándar de 6 créditos ECTS (30% para a docencia presencial e 50% para a docencia expositiva) o cómputo en horas do profesor e do estudante sería o que figura no citado anexo.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín, o Sr. Casabella López, a Sra. Traba Pérez e o Sr. Pena Agras, apróbase por asentimento a proposta de organización docente dos títulos de grao, coa abstención do Sr. Delgado Martín.

14. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Casabella López para poñer de manifesto o impacto do proceso de Boloña no seu centro en todos os sentidos, por esta razón amosa a súa preocupación ao respecto e solicita que se tenda á equiparación da titulación do seu centro ao grao de enxeñaría, ademais de manifestar que non comparte o feito de que se estean a cambiar constantemente as regras de xogo, porque se trata de algo que provoca incredulidade.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín, quen considera que os resumos das sesións deste Consello de Goberno deberán facer só mencións aos acordos adoptados. Remata a súa intervención reparando nas consecuencias negativas que teñen para a imaxe da Universidade da Coruña festas tales como as realizadas na Facultade de Informática, sinalando que se deberían tomar medidas para evitar os efectos negativos deste tipo de eventos. En resposta a isto último, o Sr. Reitor indícalle que a celebración destes actos está condicionada ao cumprimento dunha serie de requisitos moi estritos, mais tamén lle sinala que se tomarán as medidas necesarias para evitar os efectos negativos deste tipo de actos.

Toma a palabra o Sr. González López, quen considera oportuno sinalar que nos órganos colexiados da Universidade da Coruña debería garantirse sempre a presenza do estudantado do campus de Ferrol.

Toma a palabra o Sr. Pena Agras, quen pide que se estude a posibilidade de introducir unha serie de cambios na normativa reguladora da avaliación por compensación, que afectan substancialmente ao momento en que debe ser formalizada a solicitude da avaliación e o número de convocatorias que se requiren para tales efectos, pois tal e como está a normativa nestes puntos provoca certas disfuncións. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións sinalalle que, a respecto do momento da solicitude non hai aparentemente problemas para proceder a tal cambio, mais non así no caso do número de convocatorias, pois isto ten outras implicacións.

Toma a palabra a Sra. Fernández López, quen solicita que se realicen as xestións precisas para mellorar a seguridade viaria no contorno de Elviña, de xeito que se eliminen moitos dos perigos que existen na actualidade.

Remata a quenda de intervencións un representante do estudiantado dos Comités, quen se interesa pola situación dos estudantes da diplomatura de Empresariais que desexan continuar os seus estudos coas novas titulacións de grao e mestrado. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións sinalalle que a titulación da diplomatura terá plena validez e o estudiantado desta titulación ten garantida legalmente a posibilidade de continuar coa súa formación na nova estrutura do grao e do mestrado.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 h.